A LIBERDADE PERIGOSA

Mario Franco

A liberdade perigosa
Mario Franco

Editado por:
PUNTO ROJO LIBROS, S.L.
Cuesta del Rosario, 8
Sevilla 41004
España
902.918.997
info@puntorojolibros.com

Impreso en España
ISBN: 978-84-15935-65-0

Maquetación, diseño y producción: Punto Rojo Libros
© 2013 Mario Franco
© 2013 Punto Rojo Libros, de esta edición

Quedan rigurosamente prohibidas, sin la autorización por escrito de los titulares del copyright, bajo las sanciones establecidas por las leyes, la reproducción parcial o total de esta obra por cualquier medio o procedimiento, comprendidos la reprografía y el tratamiento informático, y la distribución de ejemplares de esta edición mediante alquiler o préstamos públicos.

A Pruden, miña dona e nai de todos os meus fillos,
que compartiu comigo aqueles días e moi
ben puidera ter sido a Evelyn desta historia.

Índice

Primeira Parte 13

Capitulo I 15
Capitulo II 39
Capitulo III 61
Capitulo IV 93
Capitulo V 113
Capitulo VI 131

Segunda Parte 161

Capitulo I 163
Capitulo II 183
Capitulo III 205
Capitulo IV 231
Capitulo V 251
Capitulo VI 269
Capitulo VII 289

Terceira Parte 307

Capitulo I 309
Capitulo II 333
Capitulo III 363
Capitulo IV 387
Capitulo V 409
Capitulo VI 433
Capitulo VII 469
Capitulo VIII 495

Epilogo 509

A liberdade perigosa

Primeira Parte

Troquei os lares patrios
polos eidos alleos
e percorrin o mundo coma un nómada
compañeiro do vento e das estrelas

Celso Emilio Ferreiro

Capitulo I

Cando o barco chegou ao porto de La Guaira xa era noite. Diego asomouse á borda, ollou cara o peirao, e viu que estaba cheo de xente que agardaba polos seus, pero como el non tiña a ninguén que o esperara, dedicouse a observar todo aquilo con interese. Fixera algúns amigos na travesía, mais, naquel intre, todos estaban ollando cara terra en busca dos seus parentes e amigos. Abaixo, no peirao, había moita xente; uns víase que eran galegos e outros ben se notaba que eran nativos. Ollou con atención o que estaba vendo e mentres pensaba moitas cousas, pois era a primeira vez que pisaba terra allea e para el todo aquilo era novo.

Aínda que, de momento estaba a bordo, sabía que non tardaría en baixar e mesturarse con todo aquel xentío. Pensaba que, polo menos, a xente falaba español e podería entendelos e facerse entender; peor sería chegar a outro país onde non coñecera o idioma, caso que se daba frecuentemente na emigración galega.

El nunca saíra de Galicia, a non ser cando fixo o servizo militar en Madrid; tocaralle facelo alí e botou ano e medio coma todo o mundo. Pasouno moi mal; sentiu moita morriña e non lle daban pasado os días. Cando o licenciaron volveu a A Coruña, onde nacera, e tratou de buscar traballo. Antes do servizo militar moito non traballara; só en algúns choios de forma esporádica, pero nunca atopou acougo en ningún sitio. Daquela aínda non sabía ben o que quería. Tiña os coñecementos que lle dera o bacharelato e só podía aspirar a traballar nunha oficina e pouco máis. Isto, para o seu espírito inquieto, non valía; por iso pensou en emigrar. Era a única saída que había naqueles tempos para tratar de mellorar e facer algúns cartos.

Venezuela era daquela a meta de moitos galegos e tódalas semanas saian barcos de Vigo e da Coruña cheos de xente de moitas clases; non só labregos e xente do campo senón tamén obreiros, empregados non satisfeitos co seu traballo e profesionais que non estaban de acordo co que se gañaba e aspiraban a facer un pequeno capital para logo retornar e tratar de mellorar nas súas profesións. Todos tiñan a mesma meta: facer cartos e volver o máis axiña posible. A moeda era forte, cada bolívar valía unhas vinte pesetas e seica se gañaban, ou podían gañarse, entre quince e trinta por día, que multiplicados por vinte eran moitos cartos; cantidades que daquela en España eran case o soldo medio por mes, e non de todos; había quen gañaba ben menos e tiña que conformarse; por iso el se decidira. Arranxou tódolos papeis necesarios, mercou a pasaxe cuns pequenos aforros que tiña e maila axuda dos seus pais e, sen pensalo moito, embarcou en Vigo a finais de Outubro do ano 1957 e chegou ao porto de La Guaira o 11 de Novembro día de San Martiño, que pensaba tamén o sería en Venezuela. O que non era o mesmo era o clima, alá xa faría frío, alí facía calor; unha calor abafante e húmida como, só nalgún día de Agosto, podía sentirse en Galicia.

Naqueles intres comezaba o desembarco. Colleu a maleta que tiña ao seu carón, revisou os papeis que lle habían pedir e, cando viu que todo estaba en regra, púxose á cola. Buscou coa vista algún coñecido e atopou a un tal Modesto que era de Ourense e xa estivera en Venezuela, mellor dito, xa estaba en Venezuela e tiña un negocio. Tivera que regresar a España por mor da morte do seu pai, segundo lle dixera. Polo seu medio pensaba que podería orientarse os primeiros tempos, logo xa se vería. Pareceulle un bo home e, o pouco que sabía do país, sabíao por el. Era maior cá el e, ao parecer, estaba casado. De feito, abaixo estaba a súa muller con outra xente, pois vira como lle facían sinais cando atracou o barco. Achegouse a el e ámbolos dous puxéronse á cola. Modesto botoulle a man polo lombo e díxolle:

—Vas pisar terra americana por primeira vez ¡Xa verás, xa! Isto éche moi distinto á nosa terra, pero gáñanse cartos que é o que interesa. A xente deiquí é coma en tódolos sitios, uns bos e outros cativos; xa te irás dando conta, pero ao principio ten moito ollo. ¿Tes tódolos papeis? —preguntoulle.

—Penso que si —e amosoulle os que tiña na man. Modesto revisounos, viu que todo estaba en regra, e devolveullos.

—Ti non te separes de min e fai o que eu che diga. ¿Tes carne de porco, ou chourizos na maleta?

—Non, só teño un pouco de queixo, o resto comino na viaxe, xa o sabes…

—¡Sei ho, sei! Aínda che axudei eu a comelo. —dixo Modesto ríndose—. De tódalas maneiras se che preguntan se tes algo que declarar, ti non digas nada. Ti cala.

Alí mesmo, a bordo, os funcionarios de inmigración, que subiran ao barco, revisáronlle os papeis e cuñáronlle os pasaportes e, sen máis requisitos, baixaron ao peirao. Cando Modesto atopou á súa muller e outra xente que alí había a carón dela, Diego quedouse un pouco atrás. Viu como se saudaron e

abrazaron con ledicia entre eles; el agardou e mentres aproveitou para ollar máis polo miúdo a toda aquela xente. Agora xa se daba de conta, pola fala, cales eran uns e cales eran outros, todos falaban español ou galego, pero o acento era moi distinto, ben se notaba quen era venezolano e quen non, aínda que notou que moitos dos que alí estaban, e ben se vía que eran paisanos, falaban co mesmo acento, ou a lo menos imitábano, e mesturaban palabras que el non coñecía con outras en galego. Todo isto sorprendíao un pouco e, a verdade, non lle agradaba. Víase que a xente logo asimilaba os costumes do país e iso, aínda que en certo modo era bo, a el non lle gustaba; parecíalle que era adulterar a propia fala.

Modesto parecía que se esquecera del, era natural, estaba coa súa muller e os seus parentes, el só era un coñecido, e pensou se non sería mellor adiantarse e poñerse á outra cola que se formara nos mostradores da Aduana, polos que tiña que pasar, e onde revisaban as maletas; pero lembrouse do que lle dixera Modesto, que non se separara del, e máis, cando viu que a un dos que alí estaban na cola, cando chegou a súa quenda e abriu a maleta, o garda que revisaba, ao ver que traía moita carne de porco e outros artigos semellantes, foillos quitando e poñendo a un lado. O home protestaba, pero o garda facía xestos de que aquilo non o podía pasar e, para acabar a discusión, chamou a outros compañeiros de uniforme que estaban por alí, Diego soubo despois que eran da Guardia Nacional, para que colleran a mercancía e a levaran. Con xesto alporizado ordenoulles:

—¡Tirade toda esta merda ao mar! Saben de sobra que esta *vaina*[1] non se pode pasar e a traen *¡No joda*[2]*!* —e dirixíndose os que aínda estaban á cola berrou:

[1] Vaina.— Pode significar moitas cousas: Obxectos, artigos, asuntos, situacións, etc. Moi usada a nivel coloquial. Neste caso o garda refírese aos artigos que confiscaba.

—¡Tódolos que traian artigos de porco xa saben o que hai! ¡Por favor váianos sacando da maleta e déixenos alí! —sinalou o estremo do mostrador.

Houbo un murmurio na cola pero ninguén se moveu. O funcionario agardou un intre e dixo:

—¡Moi ben, vostedes xa están avisados! ¡Sairemos de aquí de madrugada, pero por este mostrador non pasa nada de porco, nin cousa que se lle pareza!

Volveu meter a man na maleta da que sacara a carne e sacou unhas botellas. De mala forma púxoas nun lado do mostrador e seguiu co seu traballo. Remexeu na roupa e, ao fin, mandoulle ao dono pechala, marcouna cunha xiz e ordenou avanzar a cola. O dono da maleta intentou falar, pero o garda, con malos modos, ameazouno con chamar de novo aos compañeiros. O home retirouse axiña, pero na súa faciana adiviñábase a frustración e o cabreo.

A Diego deulle pena; pero ao mesmo tempo pensou que, sabendo que aquilo non se podía facer, ¿Por que o traian? Se así non fora, evitaríanse a humillación a que logo os sometían. Pero así era a nosa xente; traian aquilo coma unha prolongación da terra, pois sabían que alí non o atoparían. Case sempre era para agasallar aos que alí estaban e con iso facerlles recordar os seus costumes nas comidas, poder facer un cocido, como en Galicia, comer uns chourizos, tomar un grolo de augardente, facer unha queimada e con iso lembrar aos seus e ás xentes que quedaban alá, pois, aínda que pobre, por iso tiñan que emigrar, Galicia era a súa única e incomparable realidade. Pero ao garda encargado

[2] ¡No joda!— Expresión que significa o mesmo que en galego, pero ten outra connotación. Nós, cando o dicimos, case sempre e persoal: "Non fodas", pero en Venezuela é unha frase más ampla. Pode expresar dubida, incredulidade, sorpresa e tamén cabreo, que é o que significa neste caso. O garda semella cabreado e solta a súa indignación deste xeito. De todos modos é unha frase malsoante e de pobo baixo. A xente de certa cultura non a usa ou se a usa, só en casos excepcionais.

da aduana, todo isto tíñao sen coidado. Despois soubo que non sempre era así; por uns poucos bolívares, alí podíase pasar de todo. Había que saber facelo.

Ao fin Modesto lembrouse del, colleuno do brazo e achegouno a súa xente.

—Preséntovos a Diego que é da Coruña; coñecémonos no barco e fixémonos amigos. Esta é a miña muller, Concha, este o meu cuñado, Felisindo, e estes son todos amigos.

Diego deulles a man a todos eles e, despois dos saúdos, Modesto e máis el dispuxéronse a formar na cola coma todos. Fixouse que o montón de carne, botellas e chourizos aumentaba por momentos no mostrador. A algunha muller caíanlle as bagoas, pero o garda era inflexible. Cando o montón xa era considerable, os outros gardas metíano nunha carretilla e levábano. Seica ía todo ao mar, pero as botellas apartábanas; podían recuperarse pagando o arancel correspondente. Púxose detrás de Modesto e non estaba moi tranquilo polo do queixo; quedáballe un enteiro e parte do outro. O resto xa o comera a bordo e só traia roupa e media ducia de libros. El sabía que Modesto traía bastante carne de porco nunha maleta, pero fixouse que só levaba unha, e cando baixaran do barco levaba dúas. Calou, pero estrañoulle o asunto. Cando chegaron ao mostrador, Modesto mandoulle pasar diante. Diego abriu a maleta e o funcionario preguntoulle:

—¿Ten algo que declarar?

—Non señor —contestoulle non moi seguro, pero de acordo ao que lle dixera Modesto, pero lembrábase do queixo e, a verdade, non lle gustaba quedar de mentireiro, por iso engadiu:

—Ben…, —dubidou un intre— traio un queixo e parte de outro —e agardou.

—Abra a maleta, por favor —ordenoulle o garda.

Abriu a maleta, o queixo estaba envolto nun pano e víase ben. O resto era roupa e libros. O garda mirou cara el, sacou o queixo, remexeu na maleta e atopou os libros, sacounos, revisounos un por un e pasou as follas, sacudiunos e preguntoulle:

—¿É vostede estudante?

—Funo, estes libros, como vostede pode ver, son pura literatura.

—Xa o vexo, pero hai literatura e literatura —recalcou o garda.

Diego pensou que se refería a algún tipo de literatura subversiva ou cousas así. Naquelas datas o goberno venezolano estaba nas mans dun xeneral chamado Marcos Pérez Jiménez, coma en España estaba Franco, e pensaba que as cousas no aspecto político serían máis ou menos iguais. Ademais sabía, polo que lle dixera Modesto, que a cousa non estaba moi segura; había movementos que tentaban cambiar aquel estado de cousas.

—O alimento non o pode pasar; —dixo o garda— está prohibido. Polo demais non hai problema. —Empuxou a maleta á súa dereita e o queixo púxoo a esquerda onde estaba o montón de artigos que ía requisando. Diego non dixo nada, pechou a maleta e pasou ao outro lado do mostrador.

Modesto pasou sen problemas e ao pouco tempo estaba ao seu lado.

—¿Por que dixeches que traias un queixo? ¡Parvo! —reprendeuno—. Xa che dixen que non dixeras nada. Agora quedaches sen el.

—Pero... ¿Como ía mentir?

—¡Ai carallo, Diego! Ti non estás preparado para este país. Xa che dixen que fixeras o que eu che diga.

Diego calou, pero pensou que tiña moito que aprender de Modesto e de outros coma el que sabían valerse do que fose con tal de conseguir o que querían. Para Modesto mentir, nestes casos, non tiña maior importancia e Diego preguntábase como fixera coa maleta onde levaba a carne de porco e as botellas. Soubo de seguida.

Saíron da estación marítima e alí estaba a muller de Modesto e os outros parentes e amigos agardando por el.

—¿Pasastes a maleta? —Preguntou Modesto.

—Xa está no *carro*[3] —Respondeu o cuñado.

—¿Canto custou?

Con cincuenta *bolos*[4] amañouse o asunto. Eu xa sabía que Briceño non me fallaba. Xa me coñece; non é a primeira vez.

—Chegoulle ben —dixo Modesto; e engadiu sinalando a Diego.

—A este sacáronlle un queixo. El mesmo se declarou. Ten moito que aprender —e botoulle a man polo lombo tratando de compensar as súas verbas.

—Ben, imos a Caracas, xa teño gañas de deitarme na miña cama ¿Non si Conchiña? —E abrazábase á muller que se ría e ao mesmo tempo deixábase agarimar polo seu home.

Diego estaba á espera e non sabía que facer, pero pensaba que o primeiro sería buscar aloxamento. Non tiña idea onde buscalo, pero preguntaría. Cambiara a bordo parte das pesetas que tiña en bolívares e xuntara uns douscentos, pero aínda lle quedaban dez mil pesetas na carteira que iría cambiando pouco a pouco. Íase despedir daquela xente cando Modesto lle preguntou:

—¿E ti que pensas facer, rapaz?

---

[3] Carro.— Coche.

[4] Bolo.— Forma abreviada e popular do bolívar.

—Non o sei de certo, pero penso que terei que buscar onde durmir. Aquí haberá pensións, digo eu....

—Haberá —dixo Modesto dubidoso— pero mellor será que subas a Caracas. Este non che é sitio para un rapaz coma ti que se ve que es novato. A xente eiquí éche moi espelida e o máis seguro é que te estafen. Agarda un momento —e foise cara o grupo.

Mentres agardaba, botou unha ollada polos arredores da estación marítima. Víanse moitos barcos atracados aos peiraos, moito movemento de xente e moitos coches que lle chamaron a atención. Todos eran enormes comparados cos que había daquela en España, e todos eran de marcas americanas que el só vira no cine. Eran grandes e de cores rechamantes, brancos, amarelos, roxos, azuis, en fin, eran tan distintos aos que el coñecía, que non se cansaba de miralos. Volveu a vista cara a estación marítima e fixouse nunha placa, ao parecer de bronce, onde había escritas unhas frases. Achegouse, leu, e quedou abraiado. A placa dicía:

"Españoles y Canarios, contad con la muerte, aún siendo indiferentes, si no obrais activamente en obsequio de la libertad de Venezuela. Americanos, contad con la vida, aún quando seais culpables. Quartel General de Truxillo, 15 de Junio de 1813. 3º de la Independencia. Simón Bolívar"

¡Onde me metín! —Pensou— ¡Como é posible que un goberno dun país que, ao parecer, necesita da inmigración de xente que, principalmente ven de España, poña na mesma porta semellante recibimento! El sabía que Simón Bolívar fora o liberador de Venezuela e outros países suramericanos, e que, nestes países, se lle rendía a admiración debida polos seus feitos, e sabía tamén que ese manifesto fora feito na data que dicía a placa nun contexto de guerra feroz, a proba era que o tal

manifesto fora a orixe da chamada "Guerra a Muerte", pero desto xa pasaran cento corenta e catro anos. Manter esta frase hoxe en día na mesma porta de entrada, parecíalle unha ameaza para os que viñan ao que pensaban era un país irmán.

—¿Que che pasa? ¿Que estás mirando? —A voz de Modesto sacouno dos seus pensamentos e volveu á realidade.

—Nada, nada.... só miraba isto —e sinaloulle a placa. Modesto mirou e leu.

—Nunca me fixara nisto ¡Boh! ¡Iso non é nada! ¡Parvadas!.... o malo son outras cousas. ¡Xa verás, xa! —Pero seguiu lendo—. Así e todo ¡Manda carallo! nunca me fixara.... ¡Contade coa morte aínda que sexades indiferentes! Non entendo ¿Que quere dicir indiferente?

—Que tanto lle ten —aclaroulle Diego.

—¡Éche boa....! E só fala dos españois e canarios, que tanto ten.

—Iso é o que quere dicir indiferente ¿Dáste conta?

—¡Dou, ho, dou!

—¡Bo recibimento! —Dixo Diego.

—Non fagas caso disto ¡Imos! Xa falei co meu cuñado e ten sitio para ti na súa casa. É unha pensión e ten unha peza que che pode alugar ¡Se che interesa, eh...!

—¡Si, como non...! O que pasa que eu teño poucos cartos; non sei.....

—Eu aí non me meto. Falade os dous e ti verás. De tódalas maneiras ti pensas subir a Caracas ¿Ou non?

—Si creo que será o mellor. Aquí penso que será máis difícil buscar traballo.

—¡É ho, bastante máis! En Caracas pódeste argallar mellor... Dígocho eu, que coñezo ben todo isto. ¡Imos logo! Subirás a Caracas no noso carro e despois falades ti e Felisindo, que é o meu cuñado. Penso que vos haberedes pór de acordo.

Colleu a maleta e seguiu a Modesto ata o coche. Xa estaban todos acomodados nel; o cuñado ao volante, a muller ao seu lado e atrás a muller de Modesto. Subiron atrás e aínda quedaba sitio dabondo tanto nun lado como noutro. Nunca subira a un coche tan luxoso, a lo menos a el parecíallo, e pensou que para ter un coche semellante faría falta gañar moitos cartos. Despois soubo que coches como aquel habíaos a esgalla e a súa compra era fácil para calquera. Pero semellante automóbil impresionábao; era como os das películas americanas; só vira algúns en Madrid e o que menos pensaba era que pronto viaxaría nun deles. Saíron da estación marítima e o coche enfilou cara Caracas. Documentarase algo sobre onde estaba situada, e sabía que desde alí había que subir ata case mil metros sobre o nivel do mar, atravesar as montañas que a separaban del e, todo isto, nunha distancia duns vinte quilómetros. Como era noite non podía ver nada, só percibía que ían costa arriba por unha autopista, pasaron dous túneles, un deles bastante longo e, ao cabo duns vinte minutos, chegaron aos primeiros barrios no oeste de Caracas. Modesto íalle dicindo os nomes dos sitios por onde pasaban.

—Isto é Catia e agora imos cara o centro, e esta é a Avenida Sucre. Máis adiante imos pasar preto do Palacio de Miraflores, onde está Pérez Jiménez ¡Poucas lle quedan! —e ríase— A cousa estache fodida. ¡Xa verás, xa! En calquera momento andan a tiros —e preguntáballe á muller—. ¿Como anda a política? Seica quixeron dar un golpe.

—Seica si —dixo Felisindo— pero non callou. Tiros houbo preto deiquí, en Caño Amarillo.

—¡Carallo! ¡Hai que ter coidado! —dicía—. Modesto. Cóllente no medio e levante por diante.

Diego oía todo o que falaban, pero calaba. Modesto, de vez en cando, miraba cara el e sorríase pensando que, estando a vivir situacións novas, tería medo.

—¿Que che parece Diego? —preguntáballe—. Isto non é Madrid, isto é América; gáñanse cartos, pero eiqui non hai a tranquilidade de España.

—¡Xa me dou de conta, xa....!

—¿Tes medo? —Preguntoulle de súpeto.

—Non o sei, de momento todo vai ben.... penso eu.

—¡Vai ho, vai...! Xa verás que pronto te acostumas. Pasounos a todos. ¿Non si Conchiña? —E abrazaba á muller.

—Acostúmaste á forza —contestaba ela— Malo será que nuns poucos aniños máis non poidamos volver á nosa terra.

—¡Volveremos muller! ¡Volveremos! pero con cartos, senón quedo eiquí pra sempre. Tampouco vivimos tan mal, digo eu... ¿Quen ten un carro coma este en España? ¡Ninguén! Temos a neveira chea, non nos falta de nada, o clima é bo. ¿Que máis queremos?

—Regálocho todo e fai por volver axiña. Eu non me dou afeito a isto, eu quero volver á miña terra. —Dicía a muller.

—¡Volveremos muller, volveremos! —Repetiu— pero con cartos, iso si.... ¡Con cartos!, e un bo carro. —Engadiu.

Mentres o matrimonio falaba deste xeito, Diego non perdía detalle do que se ía vendo. As casas eran moi distintas e víanse, de vez en cando, chabolas ao carón dos edificios ¡E iso que estaban circulando por avenidas amplas! ¡Como sería nas aforas! —pensaba.

Por fin, chegaron a unha zona onde as casas eran todas de planta baixa e de feitura antiga. Felisindo meteuse por unhas rúas estreitas e ao pouco tempo parou o coche.

—Xa chegamos —dixo Modesto.

Baixaron do coche e sacaron a equipaxe. Diego observou que a porta estaba aberta, iso significaba que había xente dentro. Entraron nunha especie de patio interior cun arbusto no centro

cheo de flores. Todo arredor había portas, unhas pechadas e outras abertas, nas que se vía xente. Modesto asomouse a algunhas e saudou aos que alí estaban. Felisindo fíxolle sinais a Diego de que o seguira, sacou unha chave e abriu unha porta un pouco máis grande cás outras e viuse que, efectivamente, a peza era mellor. En realidade era coma un salón onde había varias butacas e unha televisión. Aos lados había outras portas que daban á cociña e ás habitacións. Era coma outra vivenda dentro da mesma casa. Felisindo abriu unha porta e mandouno pasar. Era unha peza, máis ben pequena, cunha cama e unha mesiña de noite.

—¡Eiquí tes! Isto é o que che podo ofrecer ¿Interésache?

Diego, desde que entrara na casa, pensou que aquilo parecería unha especie de colmea onde habería barullo dabondo, cousa que non lle gustaba pero, dadas as circunstancias, moito non podía esixir.

—¡Como non! —dixo—. Para min é dabondo e moitas grazas a todos, pois se non fora por vós andaría a buscar sabe Deus onde.

—O prezo son oitenta bolívares ao mes e cobro por adiantado, —dixo Felisindo— pero no teu caso, como ves recomendado por Modesto, cobrareiche ao fin de mes ¿De acordo?

—De acordo, —dixo Diego—. E, se quere, págolle agora mesmo. Teño os cartos.

—¡Non home, non! Xa me pagarás. Garda os cartos ata que teñas traballo e gañes algo, boa falta che han facer. Agora imos comer algo do que trouxo Modesto; estás invitado. Pero antes de nada, téñoche que dicir que o prezo da peza non inclúe a comida. Se queres comer eiquí, tamén podes, pero a comida é á parte. Iso ti verás, pero, iso si, tes que avisar; Neves ten que saber cantos somos a comer.

—¿E canto é a comida?

—A comida e a cea sonche cinco bolívares ao día. ¡Ti verás!

—Penso que si, polo menos ata que encontre traballo. Ao mellor non teño tempo para vir ata aquí a comer.

—Ben, de momento xa lle digo a Neves que conte contigo.

—Outra cousa —Preguntou Diego— ¿Para ducharse e asearse.....?

—Ven comigo —e saíron de novo ao patio—. O servizo está eiquí —e indicoulle unha porta— e a ducha está ao lado. Hai que limpar ben cando se usa, pois é pra todos, xa o sabes.

Diego calou; a cousa non lle gustou moito, pero, de momento, tiña que adaptarse ao que fora.

¡Eiquí éche así rapaz! —Dixo Felisindo—. E tes sorte, pois na miña pensión só teño xente de orde e, case todos, paisanos.

E así foi a primeira noite que pasou en Venezuela, ceou con todos eles e, cando marchou Modesto, quedou falando un intre con Felisindo e Neves, que lle preguntaban de onde era, que fixera antes, que oficio tiña e cousas polo estilo. Diego só falou do que lle conviña e, cando se quixo duchar, pois a calor era abafante, tivo que agardar a que quedara a ducha libre. Cando por fin puido facelo, xa era tarde dabondo e pensou que habería de buscar, cando puidera, outro sitio mellor. Deitouse e tratou de durmir, pero a televisión da sala estivo acendida ata as doce. Cando a apagaron, quedou durmido.

Ergueuse cedo. Ás seis da mañá sentiu movemento e oíu falar a Felisindo e á muller. Aquelas paredes parecían de papel, sentíase todo o que se falaba; a intimidade alí era difícil de manter. El non sabía que, aos que alí vivían, isto non lles importaba demasiado, pero a el xa lle chegara a promiscuidade

do cuartel. Era unha das cousas que máis lle molestaban e agora tería que volver ao que pensou que nunca volvería. Botaba de menos a súa casa, o seu cuarto, aos seus pais, aos irmáns, e dubidaba se pagara a pena facer o que fixo. Pero a sorte estaba botada; pasara o Rubicón, como adoita dicirse, e había que afrontar as consecuencias. Agardou a que o barullo fora cesando e foise duchar e asear. Cando saíu do cuarto, atopou á muller de Felisindo que o saudou moi amable.

—¡Bos días! ¿Que tal durmiches? ¿Estrañarías a cama?

—Non, estaba moi canso e durmín ben.

—¡Mellor! Xa me dixo Felisindo que comes eiqui. ¿Póñoche o almorzo?

—Primeiro voume duchar, pero logo acabo ¡Grazas!

—Cando ti queiras avísame, estou eiquí —sinalou a porta da cociña onde cearan a véspera.

Saíu ao patio e tivo sorte, non había ninguén na ducha. Mirou o reloxo e viu que eran as sete da mañá; fixouse que xa había sol e facía calor. A xente madrugaba naquel país, tiña que afacerse aos horarios. Cando acabou de ducharse volveu ao seu cuarto e arranxou a maleta, sacou a roupa máis lixeira que tiña, e foi onda Neves, que xa lle tiña preparado o almorzo. Así comezou o seu primeiro día en Caracas, cidade na que ía desenrolar a súa vida os primeiros tempos, aínda que despois as súas andainas habíano levar ben lonxe de alí por camiños moi diferentes. Pero el, daquela, nin sequera o sospeitaba.

Despois de almorzar e preguntarlle a Neves como se chamaba aquela parte da cidade. Soubo que era unha zona bastante céntrica chamada El Conde, e era coma unha pequena illa no medio de outras zonas moito máis poboadas e edificadas doutro xeito. Case tódalas casas víanse que eran da época colonial, a mesma feitura o dicía, semellantes ás que habería en España daquela en Andalucía ou Estremadura, pois vira fotos e

gravados e lera libros nos que se describían, máis ou menos, este tipo de construcións que fora exportado por aqueles colonizadores aos países americanos. Prestábanse para o emprego que lles daban Felisindo e outros emigrantes, que as alugaban ou mercaban, e facían delas pequenos hoteis, mellor dito pensións, ou mellor dito aínda, casas de veciñanza, pois en realidade eran isto. Alí había familias ou matrimonios que arrendaban unha peza ou dúas e alí vivían. O resto das instalacións eran comúns tal como puido apreciar. El estaba en certo modo un pouco mellor, a súa peza estaba dentro da vivenda de Felisindo. Cando saia do seu cuarto o primeiro que atopaba era o salón, que era privativo do dono, e para saír á rúa entón xa tiña que pasar polo patio ata a porta principal. Iso fixo aquela mañá, preguntoulle a Neves onde estaban as principais zonas de Caracas, ela explicoullo como mellor soubo, e Diego saíu á rúa.

Era unha mañá soleada e fermosa, coma case sempre era naquel clima, e o primeiro que lle chamou a atención foron as montañas que tiña á fronte cara o norte. Era unha cordilleira alta e chea de verdor ata a mesma cima. El, desde alí, non podía precisar os detalles, pero, aínda que a distancia era grande, podía ver arbores enormes, que sobresaían no medio daquela selva. No cumio da montaña víase un edificio branco, ao parecer bastante alto, e outras construcións ao pé del. Diego non sabía o que era realmente, pero logo, cando preguntou, soubo que era o Hotel Humboldt, bautizado así en honor do celebre naturalista alemán que por alí andara a principios do século dezanove e fixera multitude de descubrimentos nas súas viaxes pola América Latina, e as construcións, case a seu pé, era a estación do teleférico que unía Caracas con aquelas instalacións hoteleiras.

Ollou cara o sur, e viu uns outeiros tamén cubertos de vexetación, pero eran moito máis baixos que a cordilleira do norte. Cara o leste non se vían máis que arbores e algún edificio que asomaba polo medio deles; e cara o Oeste, por onde viñeran a véspera, víanse dúas torres moi altas aliñadas de norte a sur; era o centro comercial e administrativo chamado El Silencio, estaban recen feitas e eran daquela o símbolo da cidade. Volveu ollar á cordilleira do norte e viu que cara ao leste, a montaña ía medrando ata formar un pico que, desde alí víase afastado, pero era a parte máis alta. Despois soubo que aquel era o Pico Naiguatá, de case tres mil metros sobre o nivel do mar, e o que tiña na fronte era o Cerro del Ávila, onde estaba o Hotel.

Decatouse que Caracas era unha cidade construída nun val limitado polas montañas do norte e as que se vían ao sur. Non podía calcular a lonxitude cara o leste nin cara u oeste, pero seguramente sería bastante maior que a que había entre norte e sur. Co tempo ben o puido comprobar pois, efectivamente, Caracas esta situada nun val relativamente estreito, pero moi longo, formado polo río Guaire que o recorre de oeste a leste.

Andou toda a mañá polos arredores da pensión e, pouco a pouco, foise dando conta onde estaba situada. Camiñou cara o oeste e achegouse ao que era o verdadeiro centro da cidade. Chegou á *Plaza Bolívar* e viu a estatua ecuestre do Libertador. Aquí tivo a primeira sorpresa desagradable que lle dou que pensar.

A praza estaba arrodeada por un enreixado, pero había varios sitios onde se podía pasar; el pasou. Un policía que estaba alí, todo alporizado, veu cara el.

—¡Oia paisano! ¡Aquí non se pode pasar en *cuerpo de camisa*![5] —achegouse a el e colleuno por un brazo de forma moi pouco amable.

[5] Cuerpo de camisa.— Ir en mangas de camisa.

Diego non sabía o que quería dicir; ía vestido cunha camisa de verán coas mangas curtas. Non entendía o que dicía e preguntoulle de que se trataba.

—¡Aquí hai que levar *paltó*![6] —e empuxábao cara fóra— Para pasar diante do Libertador hai que ter un respecto. ¡Váiaseme fóra!

Entón entendeu o que quería dicir. Pasar por diante da estatua en mangas de camisa considerábano unha falta de respecto. Quedou abraiado e soubo, daquela, que para eles Bolívar era máis que Deus. De feito podíase entrar en tódolos sitios da forma que el ía, incluso nas igrexas, pero diante da estatua do Libertador, non se podía. Tivo isto moi en conta de alí en diante nos longos anos que botou naquel país. Saíu de alí apresa; e tardou anos en pasar diante da estatua. Vía desde fóra e chegáballe ben.

Seguiu o paseo e viu o Capitolio, coa súa cúpula dourada, o Convento de San Francisco, a Casa Amarilla e outros edificios da época colonial. Achegouse preto das dúas torres, que vira desde a pensión, e chamoulle a atención o xentío que por alí había e, máis que iso, a cantidade de vendedores establecidos polas beirarrúas, debaixo das torres e a carón dos comercios. Aquilo era unha Babel, había de todo menos silencio, que tal é o nome daquel lugar. Era moi distinto a España, e pensaba como faría para orientarse naquela cidade, no medio daquel rebumbio, e conseguir gañar aínda que só fora para comer e durmir os primeiros tempos.

Fixera unha aposta moi arriscada e non tiña máis remedio que afrontala, pero non sabía por onde comezar. Lembrouse de Modesto e pensou que a lo menos tiña un pequeno apoio, non sabía ata onde, nin tampouco quería ser unha carga para ninguén.

[6] Paltó.— Chaqueta.

Volveu á pensión, que non quedaba moi lonxe, e cando chegou xa era case a unha. Fixouse nun taxi que estaba parado fronte á casa; era un Chevrolet azul e branco. Naquel mesmo intre Felisindo saía da casa...

—Xa pensei que te perderas. ¿Fuches moi lonxe? —preguntoulle.

—Non moito. Cheguei ata as torres do Silencio.

—¿E que che pareceu aquilo?

—Non sei, moito barullo, moita xente. O nome, a verdade, non corresponde á realidade.

—¡Non, ho! Alí haiche de todo. ¡Ten moito coidado coa carteira!

Botou a man ao peto do pantalón asustado, pero respirou tranquilo, a carteira non lla levaran. Daríase conta, de tódolos xeitos, se lla intentaran quitar.

Pois vai comer. —Dixo Felisindo—. Neves xa preparou o xantar. Eu xa comín ¡Ata logo! —dirixiuse ao taxi, abriu a porta e púxose ao volante. Diego fixouse que era o mesmo coche no que subiran a véspera desde La Guaira. Polo visto Felisindo, aparte da pensión, tiña un taxi. Así se facían os cartos na América; traballando arreo.

Pola tarde volveu saír, e esta vez foi cara o leste. Camiñou por un parque con moito arboredo. Era o parque de Los Caobos, seguiu, e foi dar a unha praza circular na que desembocaban unha chea de rúas e avenidas. Fixouse no trafico e pensou que había que estar algo tolo para meterse naquel caos. Os coches metíanse por calquera sitio; alí, ao parecer, non había preferencia de ningunha clase, o que primeiro metía o fociño era o que pasaba. O ruído era enxordecedor, as bucinas soaban de seguido e a xente que ía conducindo berraban uns

cos outros. Pensou que el nunca sería capaz de meterse naquilo, ademais non sabía conducir e, vendo o que vía, quitábanselle as ganas. Non sabía que pronto tería que aprender, se quería conseguir traballo. Seguiu cara o leste e viu que a cousa cambiaba en canto aos edificios e tamén á xente. Foi por unha avenida que desembocaba na praza. Había moito comercio pero xa de outro estilo, máis europeo, e tamén a xente era distinta. Xa se vía xente distinta aínda que, como é natural, había máis venezolanos. Alí comezaba o leste, a parte máis moderna da cidade, onde preferentemente vivían estranxeiros, maiormente italianos, pero, en realidade había de todo, Era a rúa principal de Sabana Grande.

Cando lle pareceu que vira bastante, dou a volta, pois xa comezaba a escurecer, e iso que aínda non eran as seis da tarde. Atravesou de novo a Plaza Venezuela, ese era o seu nome, e apurou o paso. Cando chegou á pensión xa era noite e alí estaba Modesto agardando por el.

—¡Ola, Diego! Xa me dixo Neves que coñeces medio Caracas ¿Que che pareceu?

—Non sei, o que vin ata de agora non me desgustou, aínda que algunhas cousas si que me sorprenderon. É moi distinto a España. Non sei se me acostumarei.

—¡Que remedio che queda! Senón quedaras alá; ninguén te chamou.

—Xa o sei, pero é un cambio moi drástico.

—¿Que dixeches? Non te entendo. —Dixo Modesto.

—Quixen dicir que foi un cambio moi radical, moi forte ¿Dáste conta do que che quero dicir?

—¡Dou ho, dou! Iso que ti dis pasounos a todos. E nós viñamos da aldea. Ti ves da Coruña e tes estudios. Iso é unha vantaxe.

—Ou unha desvantaxe. Ao mellor ti deféndeste mellor cá min precisamente por non ter estudios.

—Non sei, pode ser. Eu con tal de gañar cartos fago o que sexa, menos roubar ou matar; iso non o fago, por suposto. Aínda que eiquí hai algún paisano noso que lle da a todo.

—En todas partes cocen fabas, como di o refrán —dixo Diego— pero penso que se hai algún serán poucos.

—¡Home si! A nosa xente é honrada a maioría. Pero aos de eiquí hai que darlle de comer á parte.

—Haberá de todo, digo eu.

—¡Hai ho, hai! —Contestou con sorna Modesto—. E cambiando de tema ¿Que pensas facer?

—Buscar traballo o máis axiña posible.

—¿Que traballo? ¿Ti que sabes facer?

Diego non contestou de inmediato, pensou o que ía dicir, pois o que dixo Modesto era verdade. El sabía o que sabía, pero iso alí, de momento, non lle servía de moito.

—Non sei —contestou ao fin—. Eu podo traballar no que sexa, de peón se fai falta, descargando camións, eu que sei... ¡O que sexa!

—Para ises choios sobra xente. Ademais o que gañes non che chega para pagar a pensión. ¿Canto pensas que pagan?

—Non o sei ¿Canto pagan? —Preguntou.

—Se che pagan sete bolívares ao día vas que chutas.

—A verdade que moito non é, pero para pagar a pensión chega.

¿Chega? ¿Canto che cobra Felisindo?

—Pois oitenta ao mes pola cama e cinco ao día pola comida —botou a conta mentalmente— ¡Xusto! Douscentos trinta bolívares ao mes.

—E se gañas sete ao día ¿Canto é ao mes? —Digo eu....

—Sete por tres vinteún; douscentos dez ao mes —dixo Diego.

—¡Ves! O que eu che dicía. Aínda quedas empeñado en vinte, aparte de outros gastos que terás...

—Pero aínda teño dez mil pesetas e douscentos bolívares. Terei que rendelos e malo será.

Modesto botouse a rir. Era un home moi aberto e boa persoa, como despois llo demostrou.

—¡Ben, deixemos iso! Penso que che podo buscar un choio un pouco mellor e que ti saberás facer. É un choio de oficina, o soldo non será moi bo, pero algo máis que de peón has gañar. ¿Que che parece?

—¡Estupendo! —Dixo Diego— ¡Non sei como cho hei pagar! —E non sabía máis que dicir.

—Pois nada; xa te avisarei. Teño que falar primeiro co que te pode empregar. Mentres terás que arranxar os papeis en Estranxeiría ¡Xa o sabes! Tes que levar o pasaporte cuñado, que xa o tés, seica unhas fotos, que xa chas fan alí, e pasar o recoñecemento médico.

—¿Outro? Xa me fixeron un non Consulado da Coruña.

—Non importa, eiquí faranche outro. E leva cartos, pois faranche falta. Eiquí todo se move a base de cartos ¡Xa o verás! Se non untas non consegues nada ¡E máis en Estranxeiría! Pero ¡Ollo! se che piden vinte ofrécelles cinco, sonche moi cucos, pero hai que ser máis cuco cá eles. Ise é o truco. Ben, voume, xa vexo que estás ben acomodado. Tiveches sorte.

Modesto despediuse e acompañouno ata fora. Diego quedou abraiado co coche que tiña, era todo branco e cunha liña preciosa. Fixouse na marca e viu que era un Oldsmobile. Modesto deuse de conta da súa admiración.

—¿Gústache o carro?

—É precioso, eu só vira un coma este nas películas.

—Pois xa ves; eiquí pódese ter, aínda que coma este hai poucos. É novo do trinque. Tamén custou o seu.

—¿Canto? —Preguntou Diego.

—Oito mil bolos, máis ou menos.

—¡Cento sesenta mil pesetas! —Exclamou abraiado.

—¡Non penses nas pesetas! Fas como a miña muller que non pensa máis que xuntar para volver axiña a España. Pero ben que lle gusta montar nel —dixo ríndose.

—Fas ben, —dixo Diego— os cartos hai que gañalos e tamén gastalos.

—Non todos ¡Ollo! Non todos. Estamos eiquí para aforrar e volver a nosa terra, pero mentres tamén hai que gozar. ¡Que carallo!

Despedíronse e Modesto arrancou o coche. Case non se sentía o ruído do motor. Viu como se afastaba lentamente e pensou que algún día el tamén tería un coche como aquel. Entrou na casa, ceou e deitouse. Así acabou o seu primeiro día na nova terra. Desde aquela, e por moitos anos, sería a súa nova patria.

Capitulo II

Modesto tiña un negocio con outro socio, tamén da parte de Ourense, chamado Isaac. Era un almacén ao por maior de artigos importados, principalmente do Xapón e Hong Kong, que abarcaban desde xoguetes ata artigos de pirotecnia, pasando por artigos de plástico, baldes, barreñas, cepillos, espellos, en fin, artigos baratos que lle vendían a bazares, ferraxerías e quincallas, aínda que a principal clientela eran os vendedores ambulantes ou *buhoneros*[7] como alí lle chaman á xente que vende polas esquinas e beirarrúas. O negocio tíñano instalado nun baixo dun edificio onde vivía Modesto e a súa muller, que tamén axudaba. Eles vivían na primeira planta, nun apartamento pequeno pero moi cómodo para os dous. O socio vivía noutro barrio, non lonxe de alí, nunha pensión parecida á que tiña Felisindo; era solteiro pero gustáballe aforrar. Saíalle máis barato que alugar un apartamento.

Ámbolos dous socios eran ben diferentes, Modesto era un home aberto, traballador, amigo de vivir ben e gastar no que a el lle gustaba. O outro era calado, tamén traballador e sufrido, pero moi distinto a Modesto. Xa levaban cinco anos coa sociedade e as cousas íanlle moi ben, gañaban cartos e cada ano as vendas aumentaban e, polo tanto, os beneficios. A pesar de seren tan distintos, na sociedade nunca tiveron liortas, levábanse ben, pois cada un ocupaba unha labor diferente. Isaac encargábase de facer os pedidos e levar conta do que entraba e saía. Sempre estaba no negocio, era raro que saíra a non ser aos Bancos ou ao Ministerio de Comercio, onde tiña moi bos

[7] Buhonero.— Xente ambulante que vende polas beirarrúas. Quincalleiro sería a palabra mais axeitada en galego.

contactos para axilizar os trámites das importacións. Custáballe boas propinas e comisións, pero el sabía ben ata onde podía chegar. Se daba un bolívar había de producirlle dez; para iso tiña un don natural que Modesto non tiña. Albiscaba como e onde tiña que tocar para conseguir o que el quería, os seus modos eran humildes, case servís, cando lle interesaba, e segundo con quen fora. Sabía facer os subornos de forma que o subornado case pensaba que todo era legal. Era a diplomacia galega que levaba no sangue. Modesto pensaba que aínda era máis agudo que os xudeus cos que trataban de continuo; pois aquel tipo de negocio case era exclusivo daquela raza. De feito, eles non eran nada ao lado das principais firmas importadoras, que estaban nas mans de xudeus, ás que tiñan que recorrer de vez en cando para mercar artigos que eran da súa exclusividade e eles non podían importar directamente. Nestes casos, Isaac negociaba de ti a ti, como se di, e entendíase con eles coma se fora da mesma raza e, ás veces, pensaba que nos seus devanceiros houbera algún xudeu, diso estaba seguro, o seu nome era un bo indicio. Ademais era da parte de Ribadavia, que tiña sona de ser unha das principais xuderías de Galicia. Este era o socio de Modesto, tan diferente, pero efectivo no negocio, que era o que interesaba.

Modesto, pola contra, encargábase da venda. Andaba case todo o día na rúa visitando aos clientes, cobrando e facendo novos pedidos. Aos buhoneros non lles fiaba, só a algúns que xa coñecía de vello e lles daba creto. Normalmente viñan ao almacén e eles mesmos levaban a mercancía previo pago. Concha xa sabía a quen podía fiarlle e a quen non. Tiñan dous rapaces empregados para repartir a mercancía e facer a carga e descarga. Un era galego, chamábase Manolo e o outro era venezolano e chamábase Agustín.

Aquela noite, despois de despedirse de Diego, Modesto enfilou cara a súa casa, que non quedaba moi lonxe da pensión, nunha avenida que ía de norte a sur e que se chamaba das Forzas Armadas. Gardou o coche no negocio e subiu ao apartamento onde Concha xa preparara a cea. Abrazouna e deulle un bico, aquela era unha lúa de mel, coma quen di. Despois de dous meses sen verse, había que aproveitar, pensaban os dous, logo xa viría a rutina de sempre. Modesto xa quería ir para a cama.

—¡Ti estás tolo! —ría Concha— Primeiro haberá que cear ¿Non che chegou o de onte? Deixáchesme derreada.

Modesto insistía nos abrazos e nos bicos pero, ao fin, sentáronse á mesa, Concha prendeu a televisión e puxéronse a cear.

—¿Onde estiveches —Preguntou Concha.

—Onde ía estar... ¡Traballando! Fixen toda a parte de Catia e o Valle. ¡Por certo! ¿Quen visitou aos clientes mentres eu non estiven?

—Manolo foi por alí varias veces de paso que ía levar mercancía.

—¿E Isaac, non foi por alí?

—Non o sei de certo; xa sabes que Isaac non di moito onde vai. Pedidos servíronse de tódolos xeitos, i eiquí despachei dabondo. Non te queixes da venda, aínda que ti non esteas apañámonos ben —E botouse rir.

—¿Tamén na cama?

—¡Ti es parvo! E non me gusta que digas iso, aínda que sexa en broma.

—Pois claro que é broma ¡Parva! —Dixo Modesto ao mesmo tempo que lle apertaba unha coxa. Xa lle tardaba.

—Cambiando de tema, antes de vir pasei pola pensión do teu irmau e falei con Diego.

—¿Que Diego? —Preguntou Concha.

—¡Diego, muller! o rapaz que veu comigo no barco, o que subiu con nós desde a Guaira.

—¡Ah! Xa me dou conta. ¿E como lle vai? ¿Acostumase?

—¡Eu que sei! Terá que acostumarse, digo eu... —Quedou un pouco pensativo e dixo:

—Díxenlle que ao mellor lle conseguía un traballo de acordo ao que el sabe facer, ou sexa, un traballo de oficina.

—¿Un traballo de oficina? —Dixo Concha sorprendida ¿Onde?

—¿Onde ía ser? Eiquí con nós.

—¿Con nós? Ti toleaches —E engadiu desconfiada— ¿Por que tes tanto interese por el? Nin que o coñeceras de toda a vida. Nin tan sequera é de preto de nós; é da Coruña e, polo que dixeches, ten estudos. ¡Que se espile, coño! Tamén nós espelímonos e viñamos da aldea.

Modesto deixou que a muller se desafogara antes de explicarlle o que el pensaba facer con respecto a Diego.

—¡Cala muller! entendo o que pensas. A Diego coñecino no barco e pareceume un rapaz bo e espelido, e nós, agora, tal como vai o negocio, necesitamos unha persoa que saiba levar unha oficina...

—¿E logo Isaac non sabe? ¿Quen se encargou de todo iso ata de agora?

—¡Xa o sei, muller! Déixame terminar.

—Pois termina, pero eu non o vexo moi claro.

—Como che dixen, necesitamos un home preparado que axude a Isaac cos papeis, pois cada día aumentan, eu ben o sei, e tamén eu necesito un axudante para atender as vendas. Agora, tal como están as cousas, fai falta. Ademais non ha saír caro, mellor é con el que poñer un anuncio no periódico; el hase contentar con ben menos do que nos cobraría outro. ¿Non te das conta?

—¿E contaches con Isaac? Non creo que lle guste moito o que proxectas.

—Falarei con el, por suposto. Ao rapaz díxenlle que tiña que falar cunha persoa. Non lle prometín nada en firme, nin tan sequera sabe que eu teño negocio e que o traballo ía ser comigo. Primeiro teño que falar con Isaac, segundo o que el diga faremos. Se di que non, acabouse o conto. ¿De acordo? —E volveu botarlle a man á coxa. Concha esqueceu o que falaran; achegouse a el e abrazados fóronse cara o dormitorio.

Ao día seguinte, Modesto falou con Isaac do asunto. Este, como era a súa costume non dixo nada, e cando Modesto acabou, preguntoulle sen máis:

—¿Sabe inglés?

—Non o sei, poida que si, ou polo menos algo saberá, pois no barco falou un pouco cun estranxeiro e me pareceu que falaba en inglés. ¿Por que o preguntas?

—Porque iso é o que necesitamos. Cada día recibo máis cartas e facturas e tamén teño que contestalas e dependo de Klein, o xudeu que mas traduce e tamén mas escribe, pero sae caro. El sabe que o necesito e quéimame. Ademais fódeme bastante que saiba cales artigos mercamos e a quen; xa sabes que a nosa competencia son os seus paisanos e, aínda que eu lle dixen que tiña que gardar o segredo, non creo que o faga. Lévalle a contabilidade a moitos dos nosos competidores. Ti deso non te decatas, pero é o que hai; por iso se sabe inglés, de acordo, se non, esquécete do asunto polo que a min se refire. Para outra cousa non o necesitamos.

—Pero eu necesito un axudante que saiba falar coa xente. Eu non dou abasto —Queixouse Modesto.

—Poñemos un anuncio e pedimos un vendedor xa feito. Este terías que ensinalo e non paga a pena; sairía máis caro.

—Non creas. Eu non lle falei de cartos, pero habíase conformar con ben pouco. Agora non ten nada.

—¿E canto pensas pagarlle daquela?

—Penso que por doce ou quince bolos quedaría conforme.

—Moito non é pero pregúntalle antes se sabe inglés. —E así quedou a cousa entre os dous socios. Modesto saíu co seu coche e Isaac foi ás súas cousas.

A esa mesma hora, máis ou menos, Diego saía da pensión e, despois de informarse con Felisindo, encamiñouse cara O Silencio, que era onde estaban as oficinas de Estranxeiría. Volveu observar aquel rebumbio que vira na véspera e preguntou onde estaban as dependencias para arranxar os papeis. Indicáronlle a dirección e, aínda que dou algunhas voltas demais, atopou o sitio.

Había moita xente, españois e doutras nacionalidades e tamén xente do país. Preguntou e, ao momento, apareceu un home moreno que estaba ao axexo. Era un dos que buscaban á xente que ía alí por primeira vez.

—¿*Que hubo, mano*?[8] Déixame a min esa vaina —E colleulle o pasaporte e outros papeis que Diego levaba na man.

—¡Oia, por favor, devólvame eses papeis! —Dixo alarmado.

—Non te preocupes, mano, non chos vou levar. Eu só quero axudarche, para iso estou aquí. ¡Ven comigo!

[8] ¿Que hubo, mano?— Frase moi utilizada para saudar a un coñecido. Tamén se utiliza cando un se dirixe a outro que non coñece, como neste caso só para presentarse e facerse co choio. Tamén a utilizan de xeito interrogativo podendo traducise ao noso ¿Que pasa tío? ou ¿Que pasa contigo? Mano, moi utilizado en confianza, e una abreviatura de irmán "hermano"

Diego seguiuno ben de preto e ollaba o pasaporte nas mans do outro que lle indicou que fora tras del. Subiron unhas escaleiras e mentres o venezolano íalle preguntando:

—¿Tes as fotos? Necesitas tres de fronte e outras tantas de perfil.

—Non ¿Onde podo facelas?

—Non te preocupes, eu chas fago —E chegaron a unha especie de oficina onde había outros coma el.

—¡Sácalle as fotos a este paisano! —Díxolle a un— E ti —díxolle a Diego— Séntate alí —e sinaloulle unha cadeira.

Antes de sentarse, Diego preguntoulle:

—¿Canto me vai custar todo?

—Cincuenta bolos, mano, e amáñoche toda a vaina: *planillas*[9] para a solicitude da cédula e todo o demais.

—Eu crin que todo era gratis, iso me dixeron.

—Si, pero ti queres amañar isto rápido ¿Non? Pois iso custa, mano, fíxate a cantidade de xente que está esperando, ti verás...

Pensou que estaban aproveitándose del, pero se era verdade e acababa pronto, sería mellor, aínda que pensaba que de tódolos xeitos non tiña moita presa.

—Non me interesa; —dixo Diego— dáme os meus papeis. Xa me apañarei. Ademais non teño os cincuenta bolívares que ti me pides.

—E logo ¿Canto podes pagar? —Dixo o venezolano.

—Non teño máis que vinte bolívares.

—¡No joda! ¡Iso só chega para as fotos! —Trinta mano, e arránxocho todo.

—Vinte —Dixo Diego.

[9] Planillas.— Impresos, formularios.

—Ben séntate e veñan os vinte bolos.

—Primeiro as fotos e os papeis, logo chos dou.

—¡Carajo, mano! ¡Ti como que es *bravo*![10]

—Eu son como son, se che interesa ben, senón non hai trato, e devólveme o pasaporte —Púxose serio e botoulle a man a un brazo—. ¡Ben, o que ti digas! ¡Non te *arreches*,[11] mano! —E devolveulle o pasaporte e os outros papeis.

Diego xa cos papeis na man, pensouno mellor e dixo:

—Agora se che interesan os vinte bolívares, fai as fotos e consígueme os impresos necesarios, senón os busco eu. ¿Interésache?

O outro non dixo nada, sinaloulle a cadeira, Diego sentouse e o venezolano pediulle unha cámara de fotos a un dos que alí estaban, sacoulle as fotos e meteuse por unha porta que alí había.

—Cinco minutos e tes as fotos. ¡Toma! Vai enchendo esta planilla, se tes dubidas déixao en branco, despois mo preguntas.

Ollou o impreso e foino cubrindo cos seus datos. O que era dubidoso deixouno en branco, tal como lle dixera o venezolano que logo regresou coas fotos. Acabaron de cubrilo e entraron noutra oficina. Agardou un anaco e pronto saíu o outro. Mandouno pasar a outro cuarto.

Alí dixéronlle que se espira de medio corpo. Unha especie de doutor cunha bata branca preguntoulle se tiña algunha enfermidade, mirouno ben, auscultouno, deulle a volta e mirou se tiña algunha cicatriz, fíxolle baixar os pantalóns e mirouno ben por se estaba crebado. Ao fin, mandouno vestir, fíxolle firmar uns papeis e despachouno.

[10] Bravo.— Xeniúdo, colérico, valente, etc. Neste caso significa mais ben que Diego ten malas pulgas, como adoita dicirse.
[11] Arrecharse.— Enfadarse, cabrearse.

—En quince días volva por *acá*[12] e se lle entregará a cédula de transeúnte, a os seis meses terá que renovala e ao ano de estadía no país, daráselle a de residente.

Saíu, e na porta estaba o venezolano. Diego sacou os cartos e pagoulle segundo o tratado.

Cando se viu na rúa, xa no medio daquel rebumbio, dedicouse a ollar xa polo miúdo o que alí había. Víase xente de tódalas razas, negros, chineses, outros que a el parecíanlle árabes pola vestimenta, todos berrando e ofrecendo a súas mercadorías. Ata os negocios establecidos con escaparate, ofrecían desde a porta os seus produtos. Era moi distinto ao que el coñecía e, lembrando o asunto dos vinte bolívares, pensaba que aquela sociedade estaba corrompida. El non concibía que permitiran, nunha oficina estatal, xente que se prestaba a arranxar por cartos servizos que teoricamente eran gratuítos. Era a tan arraigada mordida dos países suramericanos, e pensaba que a culpa non só era deles, senón da xente que se prestaba a iso, e el fora un deles. Se non tiveran clientes a mordida non existiría.

Volveu á pensión e aproveitou para escribirlle aos seus pais e contarlle as súas primeiras impresións desde o punto positivo, o resto deixouno para el. Non quería alarmalos nin queixarse antes de tempo. Aínda non sabía como ía resultar todo.

Pola tarde volveu saír e foi cara o leste, pareceulle o mellor ambiente e pensou se algún día podería cambiarse para aquela zona. Mentres camiñaba polo parque dos Caobos, sentiu cara o sur coma disparos e zoar sereas. Estivo atento e, efectivamente, ou eran tiros ou petardos, pero soar, soaban. De tódolos xeitos quedaban lonxe de onde el estaba, e aínda tiña a autopista e mailo río polo medio. Seguiu o seu camiño, pero ao chegar á Plaza Venezuela, viu que estaba tomada pola Guardia Nacional

[12] Acá.— Aquí, que case nunca o utilizan.

que dirixía o trafico. Pensou que era mellor dar a volta e así o fixo. Cando chegou á pensión e llo comentou a Neves, esta xa o sabía por xente que vira o que pasara.

—Seica baixaron os da Charneca e prenderon lume a varios carros e asaltaron os negocios —dixo Neve— E Felisindo aínda sen chegar —engadiu preocupada.

Soubo despois que a Charneca era a barriada que quedaba nos cerros cara o sur. Era unha zona de chabolas, *ranchos*,[13] chamábanlle alí, moi perigosa e habitada por xente marxinal onde a policía nin sequera entraba. Unha especie de gueto onde campaba.a delincuencia.

Modesto chegou a iso das seis da tarde. Viña todo apurado e preocupado polo que estaba a pasar.

—¡Escapei de milagre! —dixo todo apurado— ¡A pouco máis cóllenme no medio! —explicáballe máis ben a Neves— Viña do Cementerio cara a Plaza Venezuela e ao pasar preto de San Agustín xa estaba cheo de *charnequeros*.[14] Pasei de milagre, ¡Aínda non o creo!

—Eu fun ata a Plaza Venezuela e din volta —dixo Diego— Había moitos policías.

—O que había eran gardas nacionais —aclaroulle Modesto— ¡Menos mal! Eses non andan con coñas; a policía non pode con esa xente. Cando se xuntan non hai quen os pare. Os gardas nacionais son os únicos que poden con eles, por iso os sacaron. ¡Eu non sei en que imos acabar!

—¡A tiros! —dixo un dos que alí estaban.

---

[13] Rancho.— Chabolas feita de táboas e restos doutras construcións, normalmente co teito de pranchas de zinc ou lona que, naqueles tempos, arrodeaban a cidade de Caracas. Incluso as facían en urbanizacións céntricas aproveitando as quebradas que baixaban da montaña e tamén en solares baleiros.

[14] Charnequero.— Habitante da Charneca. Unha barriada marxinal ao sur de Caracas onde a delincuencia campaba ás súas anchas.

Diego decatouse que a xente retirárase antes de tempo.

—Ti, ten moito ollo, non salgas da casa. —díxolle Modesto— E mañá, se a cousa non se pon máis fea, heite vir buscar a iso das sete e media. Estate listo para falar do que che dixen onte. Antes de que me esqueza ¿Sabes inglés? —preguntoulle.

—Non…, algo sei pero moi pouco.

—¡Hai carallo! entón non hai de que falar, síntoo ben; pero eu no barco vin como falabas con aquel estranxeiro —engadiu. ¿Non falabas en inglés?

—Si, falaba no inglés que eu sei —contestoulle Diego risoño.

—¿Pero el entendíate? ¿Ou non?

—Entendía si, pero repetindo moitas veces as cousas.

—¿Pero enténdelo, non?

—Si, traducir podo facelo ben, e escribir coa axuda dun dicionario, tamén.

—Pois iso é o que fai falta, ler e escribir máis nada polo momento, penso eu. Ti de tódalas maneiras estate listo ás sete e media ¡Ata mañá! —e marchou apresa.

Efectivamente, ao outro día, ás sete e vinte xa estaba Modesto co seu coche na porta da pensión. Diego xa estaba listo, montou no coche e foron cara o almacén. Polo camiño díxolle que a cousa, ao parecer, calmarase. Houbera tres mortos, pero iso era moi normal naqueles tempos.

—Ti non te asustes —dicíalle— Isto eiquí é normal. O que hai que saber é por onde se anda; xa te irás dando conta —e contoulle os plans que tiña para el.

Cando soubo que ía traballar ás súas ordes aledouse pero tiña medo de que o socio, o tal Isaac, do que lle falou, non estivera de acordo.

—Ti dille que sabes inglés e máis nada —dicíalle— ¡El que sabe se o falas ben ou mal! Non metas a pata como na Guaira co asunto do queixo.

Diego non estaba moi de acordo co que dicía Modesto, pero vía que aquel sistema era o que valía naquel país. Ir coa verdade por diante ao mellor pecháballe as portas, pero no fondo non se acostumaba. A ver que pasaba; faría segundo vira.

Chegaron de contado ao almacén, e pensou que estaba relativamente cerca de onde el vivía. Concha xa estaba preparando os pedidos axudada por Manolo o repartidor e o rapaz venezolano.

—Esta é a miña muller, xa a coñeces, e estes —íallos presentando —son Manolo, paisano noso, de Lalín, e este é Agustin.

—¿Que tal, como estás? —preguntoulle Concha.

—Ben...., afacéndome.... —dixo Diego.

—Eiquí logo se acostuma un, xa o verás —e seguiu co seu choio.

—Ven comigo. —díxolle Modesto, e foise cara o fondo do local onde había unha especie de oficina nun pequeno curruncho. Alí estaba Isaac sentado a unha mesa chea de papeis.

—Eiquí o tes, o que che falei onte —díxolle Modesto a Isaac— Diego... como te apelidas —

preguntoulle.

—Diego Paz Ferreiro —contestou.

—¿Seica es da Coruña? —preguntoulle Isaac, sen tan sequera erguerse do asento.

—Son, efectivamente.